

PROPOSTA DIDÁCTICA EDUCACIÓN PRIMARIA

Esta segunda parte do dossier, composta polas actividades didácticas, está pensada para o voso alumnado coñecer máis de preto a realidade que viven millóns de nenos e nenas que sofren desnutrición. Desta maneira, poderán contarlle ás súas amizades e familiares como van axudar a esas e eses nenos mediante accións solidarias.

Xa que logo, o enfoque metodolóxico consiste en COÑECER outras realidades, COMUNICAR no seu medio e ACTUAR.

Ademais dos obxectivos xerais e específicos, estas actividades e a acción solidaria tamén axudarán a adquirir as competencias recollidas na LOMLOE:

OBXECTIVOS:

Para poder adoptar este enfoque, presentámosvos unha serie de recursos audiovisuais e propostas pedagóxicas que vos permitirán traballar co alumnado en:

1. Coñecer a fame e a desnutrición
2. Entender as cifras que fan desta causa un problema global
3. Posicionar o voso alumnado perante o mundo como parte da solución
4. Entender o traballo humanitario para previr e acabar coa desnutrición

Ademais de comprenderen o que é unha causa humanitaria, tamén poderedes traballar co voso alumnado para eles e elas adquiriren conciencia social:

1. Fomentando uns valores de empatía, xustiza e convivencia.
2. Fomentando hábitos saudables e contra o desperdicio de alimentos.
3. Fomentando unha cultura de paz e xustiza social.

CONTIDOS E PROPUESTA PEDAGÓXICA:

As seguintes actividades están separadas segundo a etapa á que vaia dirixida. **Podedes dedicar unha hora ou dúas de clase para reflexionar** cos vídeos que preparamos para vós. Son vídeos que explican de maneira didáctica e adaptada a unha idade entre os 9 e os 16 anos o que é a desnutrición, os tipos que existen e as súas cifras no mundo, e quen son as persoas implicadas en previr e curar a desnutrición. Finalmente, explicámosvos detalladamente de que maneira os vosos esforzos axudan tamén a Save the Children e outras organizacións de cooperación. Por último, contaredes cun vídeo extra onde varios mozos e mozas activistas climáticos relacionan a fame cos desastres naturais que asolan territorios como Somalia e Kenya, entre outros.

Por outro lado, se queredes tamén poderedes realizar as actividades, ver os vídeos e rematar coa acción solidaria, que son parte dun proxecto máis amplo onde se implica todo o profesorado. Estas actividades son independentes, pero complementarias, e permiten a un grupo de profesores coordinarse para convertelas nun **proxecto educativo**.

“CADEAS EN PROL DA NUTRICIÓN INFANTIL” 6–9 anos. 45 min.

Obxectivos

- Traballar os dereitos da infancia, en especial o dereito a unha alimentación sa e axeitada.
- Xerar procesos de reflexión sobre a situación de millóns de rapazas e rapaces que sofren desnutrición infantil en países coma Burkina Faso.
- Mobilizar á participación para axudar a combater a desnutrición infantil.

Competencias

Comunicación lingüística, entendendo as causas da desnutrición e as súas consecuencias; participar da defensa dos dereitos permite desenvolver competencias sociais e cívicas que favorecen a convivencia, a iniciativa, a responsabilidade e unha actitude construtiva.

Metodoloxía

A actividade traballa técnicas de autoanálise, contraste, descubrimento, isto é, coñecer, para pasar a comunicar construíndo iniciativas colectivas simbólicas polos dereitos de toda a infancia e, por último, actuar realizando a actividade solidaria.

Materiais

- Modelo de cinta de perímetro en branco para completar e colorear (Ver Anexo I)
- Báscula e cinta métrica
- Cartolinas, folios, telas, xornais e revistas para recortar
- Pinturas, rotuladores, tesoiras, cola e grampadora

Imprimir modelos de cintas de medida (2 por cada alumno) e preparar 3 cintas coas medidas reais de rapaces de Somalia.

- Athai, 2 anos, 6Kg. perímetro do brazo: 10 cm
- Bibata, 4 anos, 12Kg. perímetro do brazo: 12 cm
- Wadi, 5 anos, 17Kg. perímetro do brazo: 14 cm

Desenvolvemento da actividade

Introdución (10 min.)

O mestre ou mestra comeza facendo algunhas preguntas para introducir o tema: comemos varias veces ao día?, cantas veces?, quen cre que unha alimentación sa e equilibrada é moi importante para medrar con saúde?, sabes que hai rapaces e rapazas que non teñen alimentos abondo para comer?, coñeces Níger o Somalia?, sabes onde está?

Explícase entón que algúns países do continente africano son os máis castigados de todo o mundo onde moitas rapazas e rapaces sobren desnutrición porque non dispoñen dunha alimentación axeitada. Explicamos que en países coma este, para detectar se os rapaces teñen desnutrición pénsalles e mídenlles o perímetro do brazo cunha cinta. Se mide menos de 11 centímetros é que o rapaz ou rapaza sobre desnutrición severa e a súa vida corre perigo. Esta cinta tamén leva tres cores que son as cores do semáforo. Podemos preguntarlles qué cores son e qué significan no semáforo. Deseguido preguntámoslles que cren que significa na cinta a cor vermella e despois explicamos que é a zona que sinala risco. Imos probalo para aprender máis.

Coñecer e experimentar (15 min.)

Entrégaselle unha cinta a cada alumno e pedímoslles que a recorten e coloreen cada tramo na cor que se indica na cinta. Unha vez feito poden comprobar a medida do seu brazo e anotala. Irán pasando tamén por quendas ata o lugar onde teñamos a báscula para que indiquen o seu peso.

Dividimos a clase en 3 grupos e repartimos as medidas do perímetro do brazo das rapazas e rapaces de Burkina Faso. Cada grupo terá cadansúa cinta.

Pedímoslles que poñan en común en cada grupo as medidas das súas cintas e que as comparen coa de Burkina Faso que lles tocou. Suxerímoslles que comenten os datos e a qué cren que se deben as diferenzas.

Unidos contra a desnutrición infantil (15 min.)

Mantendo os grupos, repártense os materiais para a seguinte parte da actividade: cintas en brancos, revistas, cartolinas, pinturas, tesoiras, cola e grampadora.

Entregamos a cada grupo cintas en branco e propomos que cada un escriba unha mensaxe ou unha idea de cómo se pode axudar a combater a desnutrición que sofren as cativas e os cativos de países como Burkina Faso.

Pedímoslles que os unan e peguen formando unha cadea. Para facela máis longa propoñémoslles que fagan máis aneis empregando os materiais dos que dispón cada grupo.

Por último unimos as cadeas de todos os grupos e colocámolas na aula. Tamén se pode decidir outro lugar onde colocala no centro de xeito que poida ser partillada con toda a comunidade educativa.

Consellos para a actividade

Uns días antes da actividade podemos convidar aos alumnos e alumnas a traer á aula xornais, revistas, anacos de tela, lazos e materiais reciclados a fin de facer as tiras decorativas da cadea.

Conforme a idade do alumnado, pódese tratar ou axilizar o proceso de medida e peso.

A cadea realizada na actividade pódese colocar en clase e empregar o día da Carreira Kilómetros de Solidariedade a fin de sinalizar de xeito simbólico o percorrido ou para marcar a saída e a meta da carreira. Deste xeito dámoslle visibilidade ao traballo realizado na aula.

Avaliación

Á fin da actividade pódense presentar algunhas preguntas para reflexionar en grupo:

- Que descubristes con esta actividade?
- Que vos sorprendeu?
- Que podemos facer para mudar a situación que viven as rapazas e rapaces coma os de Somalia, Níger o Afganistán?

“A LOTERÍA DA VIDA” 9–12 anos. 50 min.

Obxectivos

- Dar a coñecer a existencia de diferentes realidades da infancia no mundo.
- Facilitar a reflexión sobor os aspectos vitais para o desenvolvemento axeitado de rapazas e rapaces.
- Promover a participación en prol da defensa da igualdade de dereitos da infancia.

Competencias

O coñecemento e a contextualización facilitan a comprensión doutras realidades, o seu respecto e vivencia, e contribúen a fomentar a competencia sobre consciencia e expresións culturais. Tamén a competencia social e cívica na medida que a escoita activa e a comunicación favorecen a reflexión e facilitan a convivencia positiva.

Metodoloxía

Para a parte de coñecer, utilizamos dinámicas de grupo que traballan contextos situacionais, identidade de grupo, escoita, acordo, expresión e creatividade grupal. Con todo o visto en clase, poderán comunicar para, finalmente, actuar.

Materiais

- Tarxetas con textos “A lotería de la vida” (Ver Anexo II)
- Folios e bolígrafos
- Cámara ou teléfono para gravar vídeo

Desenvolvemento da actividade

Introdución (5 min.)

O mestre ou mestra comeza explicando que as realidades da infancia no mundo son variadas e diferentes. Ninguén elixe vivir nun contexto ou outro, nun país ou noutro, ser un rapaz ou unha rapaza. o lugar no que vivir, o sexo, a etnia, a familia... é algo que ninguén elixe ao nacer, é unha lotería. Explicamos que traballaremos con ese concepto para poñernos no lugar doutras persoas.

A lotería da vida (10 min.)

Para iso pedimos que se imaxinen que están a piques de nacer, e que a lotería da vida vailles asignar a cada un unha contorna e unha situación na que lles corresponde nacer. Entrégaselle unha tarxeta a cada participante na dinámica. Os textos reflicten sete situacións que colocan aos participantes nunha realidade diferente na lotería da vida. Cada situación repítese segundo o número de alumnos. Cada participante terá que ler a súa tarxeta e buscar ao resto de compañeiras e compañeiros que teñan a mesma situación. Unha vez agrupados, buscan un espazo e sitúanse na aula.

Partillando vivencias (35 min.)

Unha persoa de cada grupo fai de portavoz e le o contexto situacional en primeira persoa do plural ao resto dos grupos. Cando todos partillasen a súa situación propómoslles aos grupos que escoiten as pregunta que imos ir presentando e que respondan a través duns xestos en función de se están de acordo ou non co que representan as preguntas. A resposta débese dar de xeito individual, poñéndose na situación do contesto que lles tocou vivir segundo a tarxeta:

- Se están totalmente de acordo erguen os brazos e moven as dúas mans
- Se están en acordo medio erguen só un brazo e só moven unha man
- Se están en total desacordo non erguen os brazos

Formúlanse as seguintes preguntas:

- Tes problemas para acceder á auga na vida que che tocou?
- Escasean os alimentos saudábeis na túa familia?
- Son habituais os problemas de saúde na túa contorna familiar?
- Podes ir ao colexio con normalidade?
- Cres que tes responsabilidades que non lle corresponden a un neno ou nena da túa idade?
- A vida que che tocou nesta lotería aseméllase á túa real?
- Cres que a túa situación é inxusta e que debe de mellorar?

Para rematar preséntase unha pregunta aberta ao diálogo, para que cada grupo anote, exprese e reflexione: cres que se pode facer algo para mellorar a situación das nenas e nenos no mundo que teñen dificultades para ter unha alimentación axeitada? Cada grupo ten 5 minutos para recoller ideas e escribilas en folios ou cartolinas. Os grupos de traballo poñen en común as súas propostas e podemos dedicar un espazo na aula para expoñelas.

Outra proposta é convidar a un grupo a que cunha cámara ou co teléfono móbil graven unha peza na que se convide á comunidade educativa a que se mobilice para combater a desnutrición infantil. Eses materiais audiovisuais poden ser partillados co resto de clases, nais e pais para animar a participar na Carreira Kilómetros de Solidaridade.

Consellos para a actividade

A actividade pódese adaptar a Educación Secundaria. Nos grupos de menor idade a actividade pódese realizar en dúas sesións de traballo.

Os vídeos poden ser gravados polo mestre ou a mestra na aula. Aqueles centros que o desexen poden partillar os materiais audiovisual con Save the Children para difundilos nas nosas redes sociais xunto coa autorización de uso de imaxe.

Avaliación

Ao finalizar a actividade poden presentarse algunhas preguntas para a reflexión en grupo:

- Como vos sentides no contexto que vos tocou?
- Foi doado tomar as decisións en grupo?


Anexo I: "Cadenetas en prol da nutrición infantil"

Colora e recorta

VERMELLO

AMARELO

VERDE



Anexo II: “A lotería da vida”

“Na aldea na que vives non hai servizo médico. O ano pasado 2 dos teus 7 irmáns enfermaron, un de diarrea e outro de xarampón. Leváronos ao centro de saúde máis próximo a 60 km, pero o máis pequeno non puido salvarse porque estaba moi deshidratado”.

“Na casa na que vives coa túa familia non hai auga potábel para beber, cada mañá tes que percorrer 5 km. para poder traela ata o voso lar e empregala para beber, cociñar e para o aseo”.

“Tes 10 anos e a túa irmá ten 4 máis ca ti. Todas as mañás cando vos levantades para ir ao colexio tomades un almorzo san con leite, froita e pan caseiro. Os maiores insisten en que é moi importante estar ben alimentadas para o voso crecemento e aguantar ben as aulas. Ides todas as mañás ao colexio, comedes no comedor e ás cinco da tarde comezades as actividades extraescolares e facedes os deberes. Os vosos pais fan quendas para recollervos no colle todos os días”.

“De luns a venres pasa pola túa vila un autobús e leva a todas as nenas e nenos ao colexio que está a 6km. Hoxe veu a clase unha doutora nutricionista a falar da importancia dunha dieta sa e equilibrada. Dixo que temos que ter moito coidado coas graxas, as lambetadas e as bebidas con sucre que consumimos. Di que debemos de ter moi presente tomar auga para hidratar nos ben e ter unha dieta variada de alimentos saudábeis”.

“Este ano houbo unha gran seca e perdeuse a colleita que plantastes os teus pais e os teus 5 irmáns. A meirande parte dos días non hai alimentos abondo para toda a familia. O enfermeiro que pasa pola aldea dixo que a falla de alimento e auga está afectando moito ao crecemento dos teus irmáns e ao teu”.

“Es a filla maior dunha familia de 5 irmáns. Desde moi cativa coidas aos teus irmáns pequenos e apenas puidiches ir á escola, aínda que che gustaría moito aprender a ler e escribir”.

“Onte naceu un irmán novo, na túa familia xa sodes 5 irmáns varóns. A túa nai está moi débil, o médico díxolle que é moi importante que beba auga en boas condicións e que estea ben alimentada para poder amamentar ao novo bebé. Estás preocupado porque non hai alimentos e a túa nai está sen forzas para coidar de vós”.